

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CEE
Edificio	Igrexa de Santiago de Ameixenda
Dirección	Lugar da Igrexa, 23. 15299
	42.931373 -9.163848
Protección	
Descrición	<p>Igrexa de planta rectangular dunha soa nave coa sancristía apegada ó muro leste. A capela maior, de grandes dimensións e planta rectangular, cóbrese con bóveda de canón reforzada mediante un arco faixón. A nave central, logo da restauración, presenta unha cuberta sostida por cimbras de madeira. Os autores da restauración coidaron especialmente a fábrica barroca ó colocar dita cuberta. Ós pés aparece un coro alto de madeira, con acceso dende unha escaleira, tamén do mesmo material e situada no muro sur. A ábsida cóbrese ó exterior cun tellado a dúas augas ó igual ca nave central. Os materiais empregados son cantería granítica e cachotería no exterior da capela maior.</p> <p>A fachada segue un esquema compositivo pentagonal na súa parte central. Un eixo vertical domina a súa composición e divídeala en dúas partes simétricas. Segue un tipo usual na zona: o superpoñer nunha secuencia formal á principal, unha pequena fornela e unha pequena ventá.</p> <p>Sobre o muro sur levántase a torre das campás con dous corpos, o inferior formado por catro arcos de medio punto sobre piares; o superior forma o remate da torre e ten forma piramidal.</p> <p>No ano 1957 as reformas dan lugar a unha estrutura en tres naves, ó derriba-los muros primitivos e amplía-la capacidade do templo mediante dúas naves laterais. A reforma actual cambiou a estrutura da planta converténdoa nun plan basilical dunha soa nave.</p> <p>No interior é interesante o retablo maior por estar realizado en granito. É de estilo barroco e está presidido por unha imaxe sedente do apóstolo Santiago como corresponde a un templo da ruta de peregrinación a Compostela.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	04-09-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1906	47	60
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>VILLANUEVA SÁENZ, FERNANDO</u>	1956	62	138

Información completa: [Igrexa de Santiago de Ameixenda - CEE \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)